

LA HIJA DE UN LADRÓN

Belén Funes, 2019

610

ESTREA EN NUMAX: 29.11.2019 | V.O. | +12

La hija de un ladrón (2019, 102')

Dirección: Belén Funes

Guión: Belén Funes, Marçal Cerbián

Elenco: Greta Fernández, Eduard Fernández, Àlex Monner, Frank Feys

Montaxe: Bernat Aragonés

Dirección de arte: Marta Bazaco

Vestuario: Desirée Guirao

Son: Enrique G. Bermejo

Fotografía: Neus Ollé

Produtoras: B-Team Pictures, Oberón Cinematográfica

Distribuidora: Bteam

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Español, catalán

PREMIOS E FESTIVAIS

Donostia 2019 (Sección oficial)

FILMOGRAFÍA

La inútil, 2017 [curtametraxe]

Sara a la fuga, 2015 [curtametraxe]

SINOPSE

Sara estivo soa toda a súa vida. Ten 22 anos e un bebé, o seu desexo é formar unha familia normal xunto ao seu irmán pequeno e o pai do seu fillo. O seu pai, logo de anos de ausencia e ao saír do cárcere, decide reaparecer nas súas vidas. Sara sabe que el é o principal obstáculo nos seus plans e toma unha decisión difícil: afastalo dela e do seu irmán.

«Unha desas obras pequenas e sorprendentes que te agarran por dentro. Greta Fernández compón un dos retratos femininos máis desgarradores e emocionantes dos últimos tempos»

Beatriz Martínez, EL PERIÓDICO DE CATALUNYA



“Escribimos ao redor da idea dunha muller que non ten nada e de súpeto ten un bebé para que lle faga compañía”

Entrevista con Belén Funes
Por Rubén Seca

De onde xurdiu a idea ou a necesidade de narrar esta historia? Para min Sara representa a resistencia, a loita, e eu quería facer unha película sobre un personaxe que fose así. Gustábame a idea de que fose unha muller que levaba a cabo dúas supervivencias: unha moral, sobrevivir a ese pai, e outra práctica, atopar unha forma de saír adiante nunha sociedade que a rexeita, que a repele. Era imprescindible que a protagonista fose unha muller, porque cun home esta película sería completamente distinta.

Como foi o proceso de coescritura? Moi longo, houbo moito tempo de documentación, de xuntarnos e sentarnos con mozas que estiveron en circunstancias parecidas ás de Sara. Houbo unha cousa significativa que nos chamou a atención destas mozas, e é que moitas viñan con bebés. Iso levounos á pregunta: como é que tiveches un bebé se todas as túas circunstancias te levaban a non telo? Adoitaban responder que o bebé lles facía compañía. E démonos conta de que aquí había un filme. Empezamos a escribir ao redor desa idea, unha muller que non ten nada e de súpeto ten un bebé para que lle faga compañía.

Con Greta lograstes crear un personaxe feminino desgarrador. Como foi o traballo de preparación e creación do personaxe? Tamén moi longo, ensaiamos como cinco meses. Antes de centrarnos nos diálogos e no que sucedía no filme centrámonos en buscarlle a Sara unha forma de camiñar, de comer, de falar, é dicir, de buscarlle a esencia ao personaxe. A partir diso empezamos a traballar no diálogo, nas accións e en como encarar os sucesos do guiión. Creo que para que os guiións non se desnaturalicen é importante centrarse no físico e logo traballar o intelectual, que no caso de Sara era moi raro porque de intelectualidade tiña pouco. É máis ben un personaxe que non reflexiona apenas en ningún momento, excepto ao final. É un personaxe reactivo, ou sexa reacciona ás cousas que ten diante todo o tempo, e só continua; non ten volta atrás.

Foi achegando tamén ideas Greta? Si, moitas. Fixo un adestramento físico para poder facer todo o que fai na película, que non é pouco. Pero ademais ten moi boas ideas e intuición, e iso é unha calidade importante nunha actriz. Ademais, rodar toda a película cun sonotone, que se non estás xorda resulta moi incómodo, foi algo ao que se enfrontou sen problemas.

Como foi o casting? Estaba pensada a idea de coller actores que xa tivesen na realidade esta relación paterno-filial? O primeiro que fixen foi enviarlle o guiión a Greta, con quen xa traballara. Paréceme moi magnética, ten un rostro moi cinematográfico. E disto xurdiu a conexión automaticamente, se ela aceptaba o papel, parecíame moi obvio que

a opción ideal para facer de pai era o seu propio pai, Eduard. Por iso o chamei para comentarlle que tiña un guiión e que me gustaría mandarllo para ver que lle parecía. E respondeu que xa llo comentou Greta, que estaría encantado de lelo. Lérono e díxéronme que se sumaban ao proxecto.

O filme ten un estilo visual moi marcado. Gustaríame saber como foi a túa formulación cinematográfica. Como expuxeches a dirección? O que fixemos foi expor unha forma de filmar a película evitando a solemnidade, tentando non utilizar moitos mecanismos cinematográficos. Por iso evitei os travellings e a música, por exemplo. Quería centrarme nos personaxes e nos rostros. Interesábame que o espectador puidese recibila como unha especie de documental, que a vivise en presente, que aquilo que estaba a suceder o tiña diante. Con ese fin traballamos a espontaneidade e quitámoslle peso ás cousas, centrándonos no día a día da xente. Malia que toda a película é practicamente cámara en man, buscamos que fose unha imaxe moi limpa, transparente, que non houbese cousas polo medio e non pesase o formato cinematográfico.

Publicado en www.ecib.es
Tradución: Olalla Cociña

A directora
Belén Funes (Barcelona, 1984) estudou dirección na ESCAC e guiión na EICTV. Traballou como script e axudante de dirección en numerosas producións. A súa primeira curta, *Sara a la fuga* estivo seleccionada en festivais internacionais como o Zagreb Film Festival ou o Cinemed e nacionais. En 2016 Variety seleccionouna como un dos 10 talentos españois a seguir. *La hija de un ladrón* erixiuse como a gran revelación da pasada edición do Festival de San Sebastián.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenamax